

III MEDALLAS ASAC GALICIA DE BOAS PRÁCTICAS

NA ATENCIÓN AO ALUMNADO
CON ALTAS CAPACIDADES



ASAC
Asociación de Altas Capacidades
de Galicia

 **Deputación
DA CORUÑA**

 **ALTASCAPACIDADES**
UNIDADES DE ATENCIÓN EDUCATIVA - UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Bases das III Medallas de Boas Prácticas

na Atención ao Alumnado con Altas Capacidades, 2026

Bases das III Medallas de Boas Prácticas

1. Convócanse as III Medallas de Boas Prácticas na Atención ao Alumnado con Altas Capacidades, 2026, co fin de recoñecer, promover, premiar e difundir publicamente os traballos ou experiencias pedagóxicas de docentes ou equipo de docentes que se atopen en activo dando clase en centros educativos da comunidade de Galicia nalgún dos seguintes ensinos: segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional.

Documentación

2. Para optar a estas Medallas, o profesorado participante deberá presentar a seguinte documentación:

- O formulario de solicitude de participación, Anexo I.
- A ficha co resumo do traballo de investigación, Anexo II.
- Certificación da dirección do centro, na que se acredite que as/os concursantes prestan os seus servizos como profesorado no devandito centro, ou foron destinados/as nesta condición durante a realización do proxecto.
- Unha memoria dos traballos realizados e aplicados na aula no curso 2025-2026 na que se detallan os aspectos máis relevantes do proxecto, que non superará as 30 páxinas, en formato PDF e que se achegará á solicitude electrónica. O formato da memoria debe cumprir cos seguintes requisitos: a memoria presentarse en galego; na páxina inicial ou portada da memoria presentada deberá figurar, como mínimo o título do traballo ou investigación e a indicación de "Medallas de Boas Prácticas na Atención ao Alumnado con Altas Capacidades".
- Poderase anexar en formato electrónico calquera outro material que o autor considere necesario para aclarar a experiencia presentada.

Presentación da solicitude de participación e prazos

3. O profesorado que desexe participar nesta convocatoria deberá remitir a documentación asinada dixitalmente á seguinte dirección: info@altascapacidadesgalicia.org

4. O prazo de presentación ábrese coa publicación destas bases e finalizará o 31 de outubro de 2026.

5. Co fin de promover a diversidade e a extensión de boas prácticas, o centro que resulte gañador non poderá participar novamente nas dúas convocatorias inmediatamente posteriores.

6. A presentación da solicitude implicará a aceptación destas bases.

Premio

7. Existirá un único premio coa contía de 1.000 €, destinado ao centro educativo no que se inscriba o traballo gañador. A contía do premio será transferida ao centro nun único pagamento no período correspondente ao exercicio económico 2026.

8. O premio está suxeito á retención fiscal que corresponda.

9. O xurado poderá:

- Conceder o Premio ex aequo, cando a calidade de dous ou máis candidaturas así o xustifique, dividíndose en tal caso a dotación económica a partes iguais.
- Outorgar unha ou varias Mencións honoríficas a outros proxectos que destaquen pola súa calidade, innovación ou impacto, sen que ditas Mencións honoríficas teñan dotación económica.
- Declarar o premio deserto.

Corrección e notificacións

10. Se a solicitude de participación non reunise os requisitos precisos requirirase ao interesado para que, nun prazo de 7 días naturais emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, indicándose que se así non o fixese entenderase que desiste da súa participación nesta convocatoria.

Comisión de selección e criterios de valoración

11. Os traballos recibidos que se axusten ás bases desta convocatoria serán avaliados por unha Comisión de selección formada por un membro da Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades da Universidade de Santiago de Compostela, un membro do Equipo Técnico de ASAC Galicia, dous membros de recoñecido prestixio no ámbito das altas capacidades intelectuais e un membro da xunta directiva de ASAC Galicia, este último con voz e sen voto.

12. A Comisión de selección terá facultades para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das bases desta convocatoria.

13. Para a valoración das candidaturas a Comisión de selección poderá requirir aos solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios.

14. Os criterios para considerar a valoración dos traballos serán:

- Contidos innovadores que melloren a calidade do ensino e a aprendizaxe para o alumnado de altas capacidades.
- Orixinalidade do proxecto e que non fose premiado en ningún outro concurso, certame ou premio.
- Claridade e rigor na presentación do proxecto.
- Grao de consecución dos obxectivos.
- Adecuación á realidade sociocultural e educativa de Galicia e coherencia do proxecto.
- Implicación dos axentes educativos no desenvolvemento do traballo.
- Posibilidade de transferencia ou réplica do proxecto/práctica presentado a outras situacións ou centros.

Entrega do Premio

15. Unha vez proposta a concesión da Medalla pola Comisión de Selección establecida para tal efecto, ASAC Galicia contactará co autor.

16. As III Medallas de Boas Prácticas na Atención ao Alumnado con Altas Capacidades, 2026, resolveranse no ano 2026. A entrega do premio realizarase nun acto público que terá lugar antes de que finalice o ano 2026.

Publicación e difusión dos traballos premiados

17. ASAC Galicia comprométese a dar publicidade ao traballo premiado. A tal efecto, as persoas participantes autorizan a difusión do resumo contido no Anexo II.

18. ASAC Galicia resérvase o dereito de reprodución, publicación e difusión do resumo contido no Anexo II para consulta e/ou descarga en liña do seu contido en todo o mundo, a través de todos os medios e canles dispoñibles e en calquera das formas, medios e modalidades que a tecnoloxía permite.

Información sobre protección de datos de carácter persoal e publicación das bases

19. A sinatura e presentación da solicitude implica o consentimento para o tratamento dos datos persoais por parte de ASAC Galicia coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e publicación posterior dos premios outorgados. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión (“dereito ao esquecemento”), portabilidade, oposición e revocación, nos termos que establece a normativa vixente e aplicable en materia de protección de datos, dirixindo a petición á dirección postal Rúa do Tambre 17, baixo, 15705, Santiago de Compostela (A Coruña) ou ben a través do correo electrónico info@altacapacidadesgalicia.org

20. As presentes bases publicaranse na páxina web de ASAC Galicia www.altacapacidadesgalicia.org e nas correspondentes redes sociais.

ASAC Galicia adquiriu un compromiso firme na defensa e a aplicación efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes e entende que debe velar para que na comunicación interna e externa da asociación se utilice unha linguaxe non sexista. Para iso, tenta recorrer a técnicas de redacción que permitan facer referencia ás persoas sen especificar o seu sexo. Con todo, nos documentos normativos en ocasións é necesaria a utilización de termos xenéricos, especialmente nos plurais, para garantir claridade, rigor e facilidade de lectura, sen que isto supoña ignorancia en canto á necesaria diferenciación de xénero, nin un menor compromiso da asociación coas políticas de igualdade e contra a discriminación por razón de sexo

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN III MEDALLAS DE BOAS PRÁCTICAS
NA ATENCIÓN DO ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES, 2026**

DATOS DA PERSOA COORDINADORA DO TRABALLO

Nome e apelidos:

DNI:

Correo electrónico:

Teléfono:

Profesorado participante (indicar nomes e DNIs):

DATOS DO CENTRO

Denominación:

Dirección:

Cidade:

Provincia:

C.P.:

Teléfono:

Correo electrónico:

DATOS DO TRABALLO

Título do traballo:

Relación de material incluído na documentación:

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

Solicitud (ANEXO I)

Memoria descriptiva dos traballos realizados

Certificación da dirección do centro

Material anexo

Resumo do proxecto (ANEXO II)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Lugar e data:

ASAC Galicia adquiriu un compromiso firme na defensa e a aplicación efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes e entende que debe velar para que na comunicación interna e externa da asociación se utilice unha linguaxe non sexista. Para iso, tenta recorrer a técnicas de redacción que permitan facer referencia ás persoas sen especificar o seu sexo. Con todo, nos documentos normativos en ocasións é necesaria a utilización de termos xenéricos, especialmente nos plurais, para garantir claridade, rigor e facilidade de lectura, sen que isto supoña ignorancia en canto á necesaria diferenciación de xénero, nin un menor compromiso da asociación coas políticas de igualdade e contra a discriminación por razón de sexo

RESUMO DO PROXECTO. III MEDALLAS DE BOAS PRÁCTICAS NA ATENCIÓN AO ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES, 2026

Título do proxecto:

Persoa coordinadora:

Breve descrición:

Obxectivos:

Destinatarios:

Metodoloxía:

Recursos:

Temporalización:

Avaliación dos resultados:

Impacto obtido:

ASAC Galicia adquiriu un compromiso firme na defensa e a aplicación efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes e entende que debe velar para que na comunicación interna e externa da asociación se utilice unha linguaxe non sexista. Para iso, tenta recorrer a técnicas de redacción que permitan facer referencia ás persoas sen especificar o seu sexo. Con todo, nos documentos normativos en ocasións é necesaria a utilización de termos xenéricos, especialmente nos plurais, para garantir claridade, rigor e facilidade de lectura, sen que isto supoña ignorancia en canto á necesaria diferenciación de xénero, nin un menor compromiso da asociación coas políticas de igualdade e contra a discriminación por razón de sexo